

XUNTA DE GALICIA

EDITA

Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo

Dirección Xeral de Comunicación e Audiovisual

XULLO -2005-



XUNTA DE GALICIA

PRESIDENCIA

Secretaría Xeral de Comunicación

Dirección Xeral de Comunicación Audiovisual

AGRADECEMENTOS

O *Libro branco do audiovisual* en Galicia supón un importante paso para o establecemento dun marco estratéxico para o desenvolvemento do sector, tal como se prevé na Lei 6/1999, do audiovisual galego.

Ao longo de todo o proceso de elaboración do libro branco, contouse cunha participación moi activa dos distintos axentes socioeconómicos e sociais presentes no sector audiovisual, tanto na fase de análise e validación de contidos, coma no diagnóstico e deseño das liñas de futuro, mediante a participación nos procesos de enquisas e, sobre todo, nas mesas de traballo que se levaron a cabo.


A implicación do sector queda patente nos altos índices de resposta que se obtiveron no proceso de consulta ás empresas e institucións e, sobre todo, no traballo conxunto levado a cabo na elaboración dos contidos que aquí se presentan. O libro branco ten unha importancia clave, tanto como ferramenta descritiva —profundando nos distintos campos de actividade do sector—, coma no ámbito estratéxico —establecendo un diagnóstico e orientando as principais liñas estratéxicas—.

Seguindo as indicacións do propio sector, resulta clave contar cun sistema de actualización permanente destes contidos. Por iso, e de forma paralela á publicación deste libro branco, ponse en marcha o Observatorio do Audiovisual Galego (www.observatorioaudiovisual.org), dependente da Dirección Xeral de Comunicación Social e Audiovisual, da Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo. Neste observatorio manteranse actualizados os distintos contidos do libro branco, cunha énfase especial no cadro de mando de indicadores do sector e na ordenación sectorial, fundamentalmente nas empresas que configuran o tecido da industria audiovisual, as institucións e a lexislación.

Por todo iso, o noso máis sincero agradecemento a todas as persoas, empresas e institucións que fixeron posible a realización deste traballo, do que queremos facer partícipe a todo o sector.

LIBRO
BRANCO
DO
AUDIOVISUAL
GALEGO

Unha imaxe propia



UNHA IMAXE PROPIA

O cine conta con pouco máis de cen anos de vida. Nacido a finais do século XIX, é a máis nova das artes e tamén a única que xorde na época industrial, cando no mundo se estaba a producir unha auténtica revolución, a transformación económica e social máis importante dende o descubrimento do lume e a invención da roda. Non debemos perder de vista ese escenario se queremos entender a vertixinosa evolución dun invento revolucionario, ata converterse no que é hoxe o audiovisual, un dos sectores industriais máis desenvolvidos e con maior capacidade de crecemento.

O cinematógrafo acadou en moi pouco tempo un éxito tal que o levou a se converter axiña na manifestación artística máis popular con moita diferenza respecto das artes tradicionais. Esa popularidade, que abrangue todas as clases sociais, viuse favorecida pola aparición, a partir de mediados do século XX, de sistemas de difusión masivos, como a televisión ou o vídeo doméstico e, máis recentemente, o DVD, que introduciron as producións audiovisuais nos fogares, ata converter as salas de estar en auténticos minicines.

Pero se o audiovisual chegou a ser o que hoxe é, a diferenza doutras manifestacións artísticas e culturais, foi porque se concibiu case dende o seu nacemento como unha industria máis. Unha industria que produce para o gran público, para xentes que nin sequera teñen que saber ler, algo que levou a amplos sectores intelectuais a desprezar durante moito tempo o cine, negándolle o status de arte.

**O audiovisual se
concibiu dende o seu
nacemento como unha
industria máis**

Como produto cultural masivo, o audiovisual cumpre unha función social relevante. A súa contribución é decisiva na representación que temos do mundo que nos rodea e de nós mesmos en relación con ese contorno. Conformas identidades colectivas e individuais, que tamén pode chegar a destruír, por mor da extraordinaria forza da imaxe animada. Da televisión chegouse a afirmar que é un electrodoméstico que xera ideoloxía.

Hoxe en día, aliado coa informática e as telecomunicacións, o audiovisual está presente en case todas as parcelas da nosa vida cotiá, no lecer e no traballo, no ocio e no negocio. Acompáñanos a onde vaíamos, grazas á portabilidade dos minitelesores, dos DVD, dos PC, das PDA, das consolas de videoxogo e, especialmente, dos teléfonos móbiles. Así as cousas, a demanda de produtos audiovisuais non deixa de medrar, co que iso significa de capacidade de desenvolvemento dunha industria en constante transformación.

A historia do audiovisual galego é o relato do esforzo, preñado de romanticismo, dun reducido grupo de entusiastas que desexaban para Galicia unha pantalla propia. Foi alá por 1896 cando José Sellier, un fotógrafo franco-coruñés, acendeu a luz do sono, convertendo a nosa terra en pioneira do cine español. Dende o anos sesenta do pasado século, sucedéronse as iniciativas individuais e colectivas, case sempre voluntaristas, que serviron para irmos avanzado cara ao obxectivo de conseguir para a comunidade galega unha imaxe de seu.

Un fito esencial nesta andaina foi a posta en marcha, en 1985, da Televisión de Galicia (TVG), unha canle pública autonómica que na súa dobre condición de gran xeradora e demandante de contidos audiovisuais transformou o sector, que comezou a profesionalizarse e a artellar unha mínima estrutura empresarial.

Logo viría o despegue do cine, coa realización de ata tres longametraxes nun ano, en 1989, algo impensable ata ese momento, un ritmo esperanzador que era difícil manter e que xerou logo certa frustración naqueles cineastas que aspiraban a que as nosas películas, feitas xa con mentalidade comercial, mesmo comezasen a traspasar con éxito os límites do territorio galego, aquilo que na xerga da época se chamou o “Telón de grelos”.

Pero, por fin, a partir de mediados da década dos 90, o audiovisual deixou de ser a eterna materia pendente na normalización cultural de Galicia. En poucos anos, por mor do esforzo conxunto da Administración galega e da iniciativa privada, quedaron sentadas as bases dun sector que contribúe de maneira notable no eido artístico e cultural, ao tempo que xera cada vez máis riqueza.

De feito, xa se pode falar dun pequeno pero moi dinámico tecido empresarial, que move xa preto de 200 millóns de euros ao ano e que lles dá emprego directo a máis de 2.300 profesionais en arredor de 350 empresas, cuxas actividades van dende a produción de cine ou televisión, á distribución, a exhibición, a animación e a multimedia.

Trátase, xa que logo, dunha trama empresarial en proceso de maduración que concibe a actividade audiovisual con mentalidade industrial, como unha industria de gran potencial, unha actividade produtiva da que a principal materia prima é a creatividade, recurso limpo e renovable, como pouco, pero máis ben escaso. A creatividade é o que vai proporcionando valor engadido en cada paso dos precisos para que unha idea guionizada acabe convertida nunha produción audiovisual, multimedia ou de animación.

Nas dúas últimas lexislaturas (1997-2001 e 2001-2005), a Administración galega, en sintonía coas demandas do sector, puxo en marcha e impulsou unha serie de iniciativas claves para a vertebración do noso audiovisual. En primeiro lugar, promulgouse unha Lei do audiovisual galego, pioneira no ámbito autonómico, que foi aprobada en

A administración impulsou unha serie de iniciativas claves

1999 con amplo apoio parlamentario, norma marco que lle recoñece a esta actividade a condición de estratéxica, polas súas implicacións económicas e culturais. Logo veu a creación do Consorcio do Audiovisual, en 2002; a elaboración do Cadro de Cualificacións Profesionais, no mesmo ano e a Constitución do Clúster do Audiovisual Galego no 2003 e, máis recentemente, o Observatorio do Audiovisual. Asemade,

establecéronse liñas de axuda e subvencións para as distintas fases e produtos, nun marco de financiamento consensuado cos axentes implicados.

A redacción deste libro branco constitúe tamén o cumprimento dun compromiso adquirido pola Administración autonómica fronte ao sector audiovisual, que demandaba de vello un instrumento coma este no que, por unha parte, se fixese unha análise rigorosa da situación actual e, a partir dela, se propuxesen as liñas que ha seguir tanto o sector público como a iniciativa privada.

O libro non contén receitas máxicas coas que transformar unha trama sectorial incipiente, como o audiovisual galego, nun grande emporio. Ofrece, iso si, a rica visión panorámica dun macrosector que as empresas adoitan coñecer só parcialmente, na actividade ou actividades nas que operan, e que a sociedade en xeral ignora en toda a súa amplitude e complexidade. Contar esa perspectiva xeral é clave para acertar na toma de decisións por parte das instancias empresarial e institucional.

Oxalá o audiovisual galego se vexa axeitadamente reflectido nesta foto fixa que, polo dinamismo do sector, pode aparecer movida ou desenfocada. E oxalá que, a partir da contemplación da foto, as xentes que se moven neste ámbito asuman o papel que lles corresponde para que a industria da imaxe e do son de Galicia siga medrando e tomando cada vez máis pulo, ata levantar definitivamente o voo. Non esquezamos, como deixou dito o malogrado Chano Piñeiro, que “facer cine é voar”. Un país que non ten unha imaxe propia non despega.